

Revirando o Milenio

Coa presentación do Manifesto polo cumprimento dos Obxectivos do Milenio a mans do seu autor, Isaac Díaz Pardo, o pasado venres 2 de xuño, ao remate da Asemblea Xeral de Socios, votou a andar a campaña "Voces de Aquí e de Alá Revirando o Milenio". Comeza así unha viaxe coa que o Fondo Galego quere percorrer Galicia sumando voces, para que cada vez sexamos máis @s que reivindicamos un mundo necesariamente máis xusto.

A primeira parada desta viaxe foi en Santiago o xoves 8 de xuño, cando, a través da "Reviravolta Pola Equidade de Xénero", presentouse o 3º Obxectivo do Milenio: promover a igualdade de xénero e a autonomía da muller. Saber que a maior parte das persoas pobres son mulleres, que só contan cun 1% das propiedades, e que, sen embargo son as que nunha ampla maioría corren coa responsabilidade alimentaria das súas familias e das súas comunidades, fai da equidade de xénero unha loita imprescindible e que atravesa todos e cada un dos Obxectivos do Milenio. Pero é o Obxectivo 3 o que a materializa nun maior grao, facendo da educación a ferramenta clave.

Para expornos este obxectivo contamos coa presenza de Cláudia Sofía Rodríguez, presidenta do Instituto da Condición Feminina de Cabo Verde, e con Talina Pereira, técnica do mesmo e coordinadora do 3º ODM. A voz galega que envolveu o acto foi a de Ugia Pedreira, música galega de ampla traxectoria que actualmente encabeza o grupo Marful. A Fundación Caixa Galicia foi o escenario onde converxeu a voz caboverdiana e a galega ao redor dunha mesma denuncia: a crecente feminización da pobreza.

A segunda parada desta viaxe será en Pontevedra o día 28 de xuño coa Reviravolta pola Saúde como Dereito Universal. Nela, Ana María Pizarro, directora de Servizos Integrales para a Muller, SI Mujer, e integrante do Consello Directivo da Rede de Saúde das Mulleres Latinoamericanas e

do Caribe. Acompañada do debuxante Pepe Carreiro, fará unha análise dos Obxectivos do Milenio relacionada coa saúde.

Esperamos que vos sumedes á viaxe na estación máis próxima ao voso concello.

Avaliando para seguir mellorando: Perú

Por segundo ano, o Fondo Galego organiza as Xornadas de Avaliación baixo o lema "Avaliando para seguir Mellorando". Desta volta, é Perú o escenario escollido para a nosa avaliación. O xoves 15 de xuño, o Fondo Galego, a Dirección Xeral de Cooperación, ONGDs con experiencia en Perú e CEPRODE (Centro de Promoción del Desarrollo y la Educación, asociación civil sen ánimo de lucro de Perú, que se dedica a promover o desenvolvemento sostible e a educación social), atópanse no concello de Ames para pór en común os proxectos que se levan a cabo en dito país e avaliar conxuntamente os seus impactos.

Máis recursos para a solidariedade

Na Asemblea Xeral de Socios do 2 de xuño, foi aprobada por unanimidade unha proposta de aumento de cotas, fundamental para a que o Fondo Galego poda seguir asentándose e acompañado as dinámicas que fan da cooperación algo cada vez máis presente nas distintas administracións públicas.

Os concellos socios verán aumentadas a súas cotas no 2007 do seguinte xeito: nun 10% para os concellos de menos de 10.000 habitantes e dun 20% para os concellos de máis de 10.000 habitantes. Un paso pequeniño pero imprescindible.

Proxectos

Na Asemblea Xeral de Socios aprobouse tamén por unanimidade a Proposta de Resolución da Convocatoria 2006 para o financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

SENEGAL

1. Proxecto: Proxecto de Saúde Comunitaria. Construción e equipamento dun posto de saúde. Posta en marcha dunha mutua e unha farmacia comunitaria. **ONGD:** Equus Zebra. **Orzamento:** 77.981 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 77.981. Cantidade aportada polo Fondo: 20.000. **Resumo:** Construción que comprenderá unha enfermería e unha maternidade cunha capacidade de acollida de 10 camas por unidade, con todas as dependencias. Base de información e sensibilización da poboación local no que en temas relacionados coa saúde. **Beneficiari@s:** 125 fogares, 5.086 habitantes. **Sector:** Infraestrutura social. Saúde. Necesidades básicas.

GUATEMALA

2. Proxecto: Fortalecemento da Soberanía Alimentaria na Conca do Río Polochic. 2º ano. **ONGD:** Veterinarios sen Fronteiras. **Orzamento:** 17.754 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 17.754. Cantidade aportada polo Fondo: 17.754. Cantidade aportada pola ONGD: 3.216. Cantidade aportada polo parceiro local: 63.100. Cantidade aportada pol@s beneficiad@s: 15.200. **Resumo:** Contribuír a garantir a soberanía alimentaria das familias da conca do Río Polochic en Guatemala a través do manexo de proxectos agropecuarios e a recuperación e difusión da cultura agroecolóxica. **Sector:** Capacitación. Soberanía alimentaria. Necesidades estratéxicas.

3. Proxecto: Fortalecemento da participación de mulleres e xóvenes na organización comunitaria e municipal. **ONGD:** INTERED. **Orzamento:** 39.748,71 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 30.935. Cantidade aportada polo Fondo: 30.935. Cantidade aportada pola ONGD: 1.500. Cantidade aportada polo parceiro local: 2.859. Cantidade aportada pol@s beneficiad@s: 4.455. **Resumo:** Promover a participación das mulleres e xoves das comunidades rurais nos mecanismos formais de participación cidadá establecidos no eido municipal. **Beneficiari@s:** Capacitación a 280 e afortalamiento organizativo a 1.529. **Sector:** Capacitación xénero. Participación cidadá no eido municipal.

BOLIVIA

4. Proxecto: Escola de auxiliares de enfermía de Sucre (ISFOCATA, Instituto Superior de Formación e Capacitación Hernández Vera). **ONGD:** Seminario Galego de Educación para a Paz. **Orza-**

mento: 164.770,67 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 19.050. Cantidade aportada polo Fondo: 19.050. Cantidade aportada pola ONGD: 2.000. Cantidade aportada polo parceiro local: 143.719. **Resumo:** Fortalecemento e mellora da calidade, o nivel de vida e a atención do sistema sanitario nos centros de saúde. Creación da escola de auxiliares de enfermería, para 80 alumn@s que carecen de posibilidades de continuar os seus estudos, con apoio destacado a todas aquelas mulleres que soliciten a participación. **Sector:** Capacitación-Saúde.

PERÚ

5. Proxecto: Turismo solidario, un xeito innovador e creativo de promover o emprego xuvenil e a identidade local. **ONGD:** Tierra de Niños. **Orzamento:** 41.687,85 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 41.688. Cantidade aportada polo Fondo: 31.688. **Resumo:** Artillar os procesos educativos locais para o fortalecemento da identidade cultural d@s nen@s e d@s xóvenes dos distritos. Valorar a historia e a orixe das comunidades integrantes do circuíto turístico, afortalar as organizacións locais, agrupacións xuvenís, artesáns... nos mecanismos de empleabilidade e xestión turística. **Sector:** Capacitación-Educación e Cultura. Necesidades estratéxicas.

6. Proxecto: Construción de servizos hixiánicos para nenos e nenas con necesidades educativas especiais. **ONGD:** INTI. **Orzamento:** 3.000 euros. Cantidade solicitada ao Fondo: 2.380. Cantidade aportada polo Fondo: 1.190. Cantidade aportada polo Concello de Gondomar: 1.190. Cantidade aportada pola ONGD: 620. **Resumo:** Brindar servizos hixiánicos seguros e de calidade para mellorar a atención da hixiene e a saúde de setenta alumn@s con necesidades educativas especiais. **Sector:** Saneamento. Necesidades básicas.

Socios do Fondo Galego

Concellos: A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Carral, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroverde, Cedeira, Cerceda, Corcubión, Culleredo, Cuntis, Entrín, Fene, Ferrol, Gomezedra, Gondomar, Guitiriz, Lousame, Lugo, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Mos, Mugarbos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Rosal, Ombra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Rodeiro, Sada, Salvaterra de Miño, Samos, San Cibrao das Vías, Sandiás, Santiago, Sarría, Soutomaior, Triacastela, Vereia, Verín, Vigo, Vilagarcía, Vilariño de Santos, Viveiro. **Deputacións:** A Coruña, Ourense, Pontevedra.